

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Orde do 27 de decembro de 2005 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para fomentar o cesamento anticipado da actividade agraria e se convocan para o ano 2006.

Advertidos erros na publicación da devandita orde publicada no DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 2006, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 9, no artigo 6º, parágrafo segundo, onde di: «...con cargo á aplicación orzamentaria 11.02.614A.777.2»; debe dicir: «...11.02.614A.772.2».

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Resolución do 19 de xaneiro de 2006, da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura e Deporte, pola que se inscribe a Asociación Viandantes do Camiño Primitivo ou Ovetense no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago.

Examinada a solicitude de inscrición no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago, presentada pola Asociación Viandantes do Camiño Primitivo ou Ovetense, do 22 de decembro de 2005.

Visto o Decreto 45/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia do Camiño de Santiago, modificado en parte polo Decreto 209/2002, do 13 de xuño.

Visto igualmente o informe da Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, emitido de acordo co artigo 23º do mencionado decreto.

Considerando que a solicitude presentada cumpre as normas establecidas no decreto de referencia.

RESOLVO:

Que a Asociación Viandantes do Camiño Primitivo ou Ovetense quede inscrita no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago co número 163.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2006.

Carlos Amoedo Souto

Secretario xeral da Consellería de Cultura e Deporte

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 15 de febreiro de 2006 pola que se fixa o prezo de venda ao público da publicación Efectividad diagnóstica, seguridad y utilidad clínica de la cápsula endoscópica en el diagnóstico de diferentes patologías del intestino delgado.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma

de Galicia, no seu artigo 51, sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato e despois de emitido o preceptivo informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ao público da publicación editada pola Consellería de Sanidade e que se relaciona no anexo.

2. Este prezo entenderase, de ser o caso, con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2006.

Mª José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

ANEXO

Efectividad diagnóstica, seguridad y utilidad clínica de la cápsula endoscópica en el diagnóstico de diferentes patologías del intestino delgado: 10 euros.

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 23 de febreiro de 2006 pola que se crea a revista Administración & Cidadanía.

Dentro do Plan de actividades da EGAP para o ano 2006 aprobado polo Consello Reitor o 23 de xaneiro de 2006 está prevista a creación dunha nova revista que substitúa a *Revista Galega de Administración Pública* (Regap).

A creación desta nova revista de Administración e cidadanía na nosa comunidade autónoma vén cubrir unha lagoa que existía neste sentido; o enfoque de *Public Policy*, dado o seu carácter multidisciplinar, é máis conveniente para o estudo da realidade da Administración pública actual, pois á hora de estudar os procesos de intervención pública ten en conta aspectos como os económicos, os sociolóxicos, os xerenciais e os administrativos, etc., analizando estes procesos como resultado da interacción

entre política e Administración, e á súa vez entre diversos actores entre si.

Deste modo, ao levarse a cabo unha análise multidisciplinar, poderase contribuír a que a actividade administrativa sexa máis eficaz e a que se lle ofrezan uns servizos de maior calidade ao cidadán.

A utilidade de analizar os fundamentos da actividade política e administrativa, así como a implantación, xestión e avaliación desta actividade, é evidente, e contribuirá á modernización da Administración pública galega. Non podemos esquecer tampouco que a Escola Galega de Administración Pública é un centro de formación de funcionarios públicos e a nova revista debe ser tamén un instrumento ao servizo das actividades formativas da escola, servindo de complemento aos cursos, aos seminarios e ás xornadas que nela se organizan.

A Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, que no seu artigo 3.1º g) sinala como un dos fins desta institución a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no eido da Administración pública, promovendo a súa máxima difusión.

Por todo isto, en execución do acordo do Consello Reitor da EGAP polo que se aproba o Plan de actividades para 2006, e en uso das atribucións que me confire o artigo 9 da devandita Lei 4/1987 e o artigo 15 do Decreto 306/1990, do 24 de maio, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento da EGAP, esta dirección

RESOLVE:

1. Crear a revista *Administración & Cidadanía* en substitución da *Revista Galega de Administración Pública* (Regap).

2. A estrutura e contido da revista determinaraos un comité científico e un director nomeados polo director da EGAP que será o presidente da revista.

3. O director da revista encargarse da coordinación científica e técnica dos traballos que se publicarán nela.

4. O comité científico, que estará constituído por expertos dos eidos relacionados coa Administración pública, terá como funcións a orientación e determinación das liñas básicas de investigación da revista, seleccionará os contidos de cada número, avaliará os seus resultados e promoverá a revista no seu ámbito de influencia.

Así mesmo, poderán asesorar respecto a outras publicacións por instancia do director da EGAP.

5. O director e membros do comité serán retribuídos de acordo co previsto na instrución relativa ás colaboracións nas actividades da escola, con independencia do que lles puidese corresponder como autores de traballos para publicar na revista.

6. Esta resolución deixa sen efecto a Resolución do 19 de decembro de 1990, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se crea a *Revista Galega de Administración Pública* (Regap), modificada por Resolución do 23 de marzo de 1992.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2006.

Antonio Izquierdo Escribano
Director da Escola Galega
de Administración Pública

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Corrección de erros.-Resolución do 13 de febreiro de 2006 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica para proxectos empresariais de investimento.

Advertido erro na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 36, do martes, 21 de febreiro de 2006, cómpre realizar a oportuna corrección:

Na páxina 2.660, ao final da segunda columna, onde di: «... Lei 50/1985, do 27 de decembro,...», debe continuar: «..., de incentivos rexionais para a corrección de dese-...».

Corrección de erros.-Resolución do 23 de febreiro de 2006 pola que se fai público o contido do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) e as entidades financeiras para a habilitación dunha liña de financiamento específica para as Pemes galegas produtoras de mexillón co fin de paliar os prexuízos económicos da paralización temporal da actividade como consecuencia de biotoxinas mariñas.

Advertido erro na devandita resolución, publicada no DOG nº 39, do venres 24 de febreiro de 2006, cómpre efectuar a oportuna corrección:

Na páxina 2.924, no modelo V, débese engadir entre *Banco Gallego* e *Banco Popular*: «*Banco Pastor*».